

Existe un «problema demográfico» en Galicia?¹

TOXO-ASOREI, *Rocío*

Universidade de Santiago de Compostela
Escola Politécnica Superior
rociotoxo@hotmail.com

[Recibido octubre 2016; aceptado diciembre 2016]

Resumo

O presente traballo pretende conceptualizar a situación demográfica de Galicia, en canto que diversas investigacións e informes levados a cabo nos últimos anos confirman a existencia dun problema demográfico. Un problema que na actualidade entendemos non estriba tanto no decrecemento da poboación total, senón no tamaño dos diferentes grupos de idade que a conforman. Agora ben, o feito de nomear a realidade demográfica galega co concepto «problema demográfico», en ocasións fai pensar que a solución está na demografía, cando realmente habería que buscala na economía. Este é o erro propio de formulacións do problema nas que non se teñen en conta factores tan cruciais na súa orixe como son o paro estrutural de Galicia e a emigración. A día de hoxe, nada fai pensar que este problema poida resolverse sen a intervención pública e, moito menos, no curto ou medio prazo. Por esta razón, este estudo preséntase como unha pequena achega máis ao coñecemento científico do problema demográfico, nun momento crucial no que a posta en marcha de medidas pensadas e deseñadas dende unha base científica resulta vital para que poidan chegar a ter un impacto positivo na demografía de Galicia.

Palabras chave: Problema demográfico, avellentamento, emigración, Galicia, capital humano, problema social.

Abstract:

This work aims to conceptualise the demographic situation in Galicia since recent scientific research and reports confirm a demographic problem. A problem which currently resides in the size of the different age groups that conform the population more than in the decrease of the total population. Nevertheless, naming the Galician demographic situation with the concept of

¹ Este artigo deriva da investigación realizada no marco do Máster Universitario en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial (Universidade de Santiago de Compostela), presentada como traballo de fin de máster no curso académico 2015-2016 baixo o título Existe un «problema demográfico» en Galicia?.

«demographic problem», sometimes could lead one to think that the solution is in the field of Demography, when actually it is an Economic problem. This is an inherent mistake in problem approaches which do not take into account important factors from its course such as Galician structural unemployment and emigration. At the present time, there are no signs to think this problem can be solved without public intervention and, much less, in the short or half term. For this reason, this study is presented as a small contribution to the scientific knowledge on the demographic problem, at a crucial moment in which the implementation of measures designed on a science-based is vital to achieve a positive impact on the demography of Galicia.

Key words: Demographic problem, ageing, emigration, Galicia, human capital, social problem.

1. Introducción

A diminución xeneralizada da fecundidade na maioría das rexións do mundo en desenvolvemento durante os últimos decenios, xunto coa redución da mortalidade na maioría dos países, provocou grandes cambios demográficos, modificando a composición da poboación mundial por idade e tamén a súa taxa de crecemento. Con todo, as proxeccións (Banco Mundial, 2007) sinalan un aumento da poboación mundial nos próximos decenios de 2.600 millóns de persoas, provocado pola inercia demográfica. Este crecemento terá lugar principalmente nos países en desenvolvemento e prevese que a maioría das persoas que nazen entre o 2005 e o 2050 sexan asiáticos. Así e todo, paralelamente, naqueles países nos que a fecundidade comezou a diminuír con anterioridade, estase producindo unha aceleración no avellentamento da poboación, mudando a composición da poboación por idades. De feito, na Unión Europea a taxa de fecundidade non acada o nivel de substitución en ningún dos países membros (Banco Mundial, 2007).

No caso de Galicia, o cambio demográfico é un feito observable dende hai tempo e a súa característica máis coñecida é o avellentamento da poboación (Aldrey Vázquez e Del Río Franqueira, 2014; Fernández Fernández e Meixide Vecino, 2013). O intenso proceso migratorio que tivo lugar entre finais do 1950 e comezos do 1970 tivo consecuencias negativas na estrutura demográfica – sobre todo no rural– relacionadas coa baixa taxa de natalidade, o incremento da mortalidade e o elevado grao de avellentamento (Lois González e Rodríguez González, 1993; Aldrey Vázquez, 2006). Como habitante dun concello rural galego, a emigración de persoas mozas, o avellentamento demográfico e a despoboación son fenómenos que se visualizan cada vez con maior intensidade. Non obstante, o contraste entre o que se observa no rural e o que se reflicte na literatura especializada –por unha parte– e o discurso e a actuación política –

pola outra-, determinou que o obxectivo principal deste estudo fose analizar a existencia dun «problema demográfico» en Galicia.

2. Metodoloxía

Para levar a cabo este estudo, utilizouse metodoloxía tanto cuantitativa como cualitativa, ademais de empregar información de varias fontes de diferente natureza. Desta maneira, a triangulación de métodos e datos posibilitou paliar as limitacións inherentes a cada estratexia metodolóxica, contrastar e complementar a información obtida mediante as diversas técnicas e fontes, e dotar de maior validez e fiabilidade os resultados desta investigación (Cea D'Ancona, 2001).

A investigación documental realizada sobre temas relacionados coa situación demográfica de Galicia, complementouse co estudo da súa dinámica poboacional no período comprendido entre os anos 2000 e 2014, realizado a partir dos datos obtidos do Padrón municipal². Ademais, co obxectivo de contextualizar os datos do Padrón, foron consultadas tamén as alteracións que sufriron os municipios galegos en canto ao número total de efectivos demográficos nos Censos de Poboación do século pasado, información dispoñible na páxina web do Instituto Nacional de Estatística (INE) na base de datos Alteraciones de los municipios en los Censos de Población desde 1842. Así mesmo, para comprender o comportamento demográfico no período de estudo examináronse tamén datos de fecundidade, natalidade, mortalidade e de movementos migratorios proporcionados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), ademais de consultarse as proxeccións de poboación (IGE, 2004) para analizar a posible evolución futura da poboación de Galicia.

Por último, o uso de materiais documentais e o traballo de campo permitiron tamén detectar aquelas cuestións que orixinaron máis controversia entre a comunidade científica e nas que tampouco existen opinións unánimes a nivel social. Para examinar con maior detalle algúns destes temas, procedeuse á realización de entrevistas en profundidade a informantes clave, permitindo así abordar determinadas cuestións demográficas no plano cualitativo. Co obxectivo de acadar unha mellor comprensión da temática de estudo, optouse por realizar unha abordaxe interdisciplinar entrevistando a estudosos e estudosas procedentes de disciplinas tales como a antropoloxía, a arquitectura, a ciencia

² O período temporal de estudo seleccionado finaliza no ano 2014, por ser este o último ano para o que se tiñan datos de poboación definitivos no momento no que se realizou a análise. Os datos absolutos de poboación foron tomados do Padrón municipal, xa que é a única fonte de periodicidade anual que proporciona información para todo o período.

política, a demografía, a economía, a historia, a socioloxía e a xeografía³. Desta maneira reuniuse información relevante para complementar a información recollida e xerada a partir das outras técnicas e métodos descritos, podendo ilustrarse a existencia de diferentes puntos de vista en relación ao chamado problema demográfico. Pois, dado que un elevado número das publicacións neste eido foron realizadas dende un enfoque predominantemente xeográfico, existen certos discursos que están presentes na sociedade e que, pola contra, teñen un limitado eco nos ámbitos social e académico.

3. A xénese da formulación do problema en Galicia

Para analizar e valorar a existencia dun problema demográfico é necesario coñecer o contexto social e económico no que se orixina, máis aló do manexo de cifras absolutas de poboación. Neste sentido, en Galicia comézase a albiscar a existencia dun problema demográfico durante a década dos anos setenta, cando se observa que a distribución da poboación xa non segue unha lóxica agraria. Esta transformación do sistema de organización do territorio e do asentamento da poboación veu dado polas características propias do proceso de urbanización galego (Aldrey Vázquez, 2006).


O referente que se toma como base para chamar a atención sobre a incipiente situación que comeza a vivir Galicia está constituído por un mundo rural poboado e artellado en torno á parroquia, escasamente mecanizado, cunha economía de subsistencia sen unha orientación capitalista e un escaso peso do sector terciario. Pero a transformación da agricultura de autoconsumo e a industrialización polarizada que teñen lugar a partir dos anos sesenta, así como as consecuencias dos movementos migratorios masivos e o proceso de terciarización da sociedade, derivaron nun novo modelo de organización do espazo (figura 1). A distribución da poboación galega segue, agora, unha lóxica urbana que se reflicte na dicotomía litoral-interior, tendo como principal resultado a perda masiva de efectivos demográficos no interior de Galicia, en favor das cidades e das vilas máis importantes (Aldrey Vázquez, 2006).

Como se ve, nos primeiros momentos da formulación do problema demográfico en Galicia, dito problema estaba fundamentalmente vinculado ás desigualdades espaciais no grao de ocupación do territorio e ás súas consecuencias máis inmediatas. Pero tamén se predicía o comezo dun descenso no número global de habitantes cara mediados da década dos noventa ou o inicio

³ Concretamente, entrevistáronse a profesores universitarios de diferentes corpos docentes das universidades da Coruña e Santiago de Compostela e a investigadores do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), sumando un total de dez entrevistas.

do novo milenio⁴ (Hernández Borge, 1992). Efectivamente, a poboación descendeu lixeiramente durante a década dos anos noventa, mais retomou a senda do crecemento nos inicios do no novo século e mantívose practicamente en constante crecemento ata o ano 2010. A progresiva diminución da inmigración –que comezou a descender de forma brusca a partir do ano 2007– puxo no punto de mira as cifras do saldo vexetativo negativo. Pois, aínda que tivo un signo negativo dende comezos do novo século, a caída do número de inmigrantes acentuou aínda máis o declive demográfico de Galicia. Polo tanto, a partir do ano 2010 o problema demográfico pasa a relacionarse, en maior medida, co declive poboacional do conxunto de Galicia, xa que comeza a verse como unha realidade crúa, sen ningún indicador que poida contradicila no curto, medio e longo prazo.

Figura 1. Factores do cambio na organización espacial en Galicia.



Fonte: Elaboración propia a partir de Aldrey Vázquez (2006) e García Porral (2012).

4 Aínda que na década de 1970 e a mediados dos anos oitenta Galicia, no seu conxunto, gañou poboación, eses incrementos demográficos debéronse a factores conxunturais relativos á situación económica internacional (Hernández Borge, 1992). De feito, son numerosos os municipios das provincias de Lugo e Ourense que levan perdendo poboación de forma ininterrompida dende os anos corenta, e incluso dende o 1910 e as décadas dos anos vinte e trinta. É o caso dos concellos de O Bolo, Calvos de Randín, Chandrexa de Queixa, Guntín, O Irixe, Larouco, Manzaneda, Melón, A Mezquita, As Nogais, Pantón, Pedrafita, Pol, Punxín, Quintela de Leirado, Ribas de Sil, San Xoán de Río, Samos, Taboada, A Veiga ou Vilaríño de Conso.

4. Do «problema demográfico» ao «suicidio demográfico»: diferentes conceptos para una mesma realidade

A situación descrita é definida comunmente nos eidos social e científico con conceptos tales como «problema demográfico», «crise demográfica», «cambio demográfico», «reto demográfico», «desafío demográfico», «inverno demográfico» ou mesmo «suicidio demográfico» (Aldrey Vázquez, 2006; Barreiro Rivas, Pascual Monzó e Araujo Cardalda, 2013; Blanco Desar, 2014; González Reboredo, 2014; Hernández Borge, 2011; Miguel Palacios, Montero Muñoz e Simón Fernández, 2011). Toda esta terminoloxía alude a situacións de cambio, de conflito, de oposición e de loita contra algo que se supón que constitúe un problema ou incluso unha ameaza.

Aínda que non existe un consenso acerca de como adxectivar a situación que vive Galicia, hai unha clara converxencia en torno á constatación da existencia de situacións problemáticas en diferentes ámbitos –principalmente no económico e no público, pero tamén no cultural e no político– que son etiquetadas como «problema demográfico». Isto orixina que o problema demográfico sexa definido ou xustificado en base a diferentes aspectos, como son a existencia de emigración de mocidade, a vixencia de sistemas apropiados para estruturas demográficas diferentes á actual de Galicia, a necesidade de efectivos poboacionais en idade nova que produzan coñecemento e riqueza, a despoboación do rural galego ou a propia sostibilidade e viabilidade de Galicia como sociedade e entidade política con identidade cultural propia. Polo tanto, é lóxico interpretar o problema demográfico coma un problema xerado a raíz doutros problemas.

Con todo, obsérvase que as diversas visións sobre por que existe un problema demográfico en Galicia, xiran fundamentalmente en torno a dous referentes fundamentais: o sistema económico e o sistema de benestar vixentes na actualidade. En consecuencia, resulta confuso discernir entre as causas do chamado problema demográfico (estritamente vinculadas aos factores que interviñeron no cambio da organización espacial en Galicia a partires dos anos sesenta) e as súas consecuencias, ao mesmo tempo vistas tamén coma causas doutros problemas.

5. O proceso de xeración do problema demográfico en Galicia

A ciencia da demografía consiste no 'estudo estatístico das poboacións humanas' (Vallin, 1995: 15), entendendo por poboación 'un conxunto de individuos que teñen dimensión temporal e que está asentado sobre un territorio' (Vinueza Angulo et al., 1997: 15). Desta maneira, o concepto de «problema demográfico» aludiría a unha situación na que o número de individuos dunha

determinada poboación –en termos relativos– constitúe un inconveniente. En consecuencia, precisaríase dunha solución para evitar que dita situación se volva prexudicial para o total da devandita poboación.

A historia das teorías demográficas dende a época de Platón e Aristóteles ata a actualidade mostra que, en termos xerais, as variables fundamentais para o establecemento dun óptimo de poboación⁵ foron o total de solo dispoñible, o solo cultivable e a produtividade da terra (Overbeek, 1984). No caso concreto de Galicia, se ben é certo que a preocupación dos estudosos se centra en que o valor do índice sintético de fecundidade⁶ non asegura o relevo xeracional usualmente establecido en 2,1 fillos por muller⁷, non existe ningunha teorización acerca do tamaño poboacional óptimo. Polo tanto, é necesario determinar con exactitude cales son os referentes que nos permiten xulgar o número de habitantes que hai actualmente en Galicia, xa que unha simple cifra numérica non constitúe mostra de ningún problema.

Como se expón na figura 2, o problema demográfico é a expresión dunha crise social e económica que xera a emigración de persoas en idade activa, debido á falta de oportunidades e de emprego. Esa é a causa do problema demográfico en Galicia, que se retroalimenta continuamente con esa perda de persoas en idade fértil que leva asociado a forte redución no primeiro dos activos de toda economía e base e vehículo do progreso: o capital humano (Moreno Pacheco e Rodríguez Guitiérrez, 2001). Polo tanto, as variables causais do problema demográfico en Galicia dan conta da vellez do problema, xa que nin nos anos de bonanza económica deixou de existir emigración. Sen embargo, á parte do peso que xoga o factor económico na decisión de migrar, a día de hoxe tamén se debe ter especialmente en conta a importancia doutro tipo de factores sociolóxicos. Pois, se ben é certo que as causas do fenómeno migratorio actual non están aínda suficientemente estudadas, o presente contexto socioeconómico incita particularmente á mocidade a vivir novas experiencias de mobilidade no marco do mundo globalizado.

Chegados a este punto, resulta complicado distinguir de forma clara cales son as razóns que están detrás do baixo valor do índice sintético de fecundidade en Galicia, así como o peso de cada unha delas. Débese simplemente a que miles


5 Overbeek (1984, páx. 85) cita a Knut Wicksell (1910 e 1913), quen desenvolveu o concepto de tamaño óptimo da poboación. O óptimo sería o punto no que o crecemento da poboación en lugar de xerar un aumento da prosperidade, xera unha declinación da mesma.

6 Segundo o IGE, o índice sintético de fecundidade obtense como a suma das taxas específicas de fecundidade por idade e representa o número esperado de fillos por muller ao longo da súa vida fértil (de 15 a 49 anos).

7 Enténdese que o momento no que o valor do índice sintético de fecundidade descende do límite establecido en 2,1 fillos por muller, a estabilidade da pirámide demográfica –neste caso da galega– pola vía do crecemento natural é imposible (Caínzos López et al., 2008).

de persoas en idade fértil abandonan Galicia cada ano por causas económicas, ou débese a unha conxunción entre economía, emigración e mentalidade? Evidentemente, a crianza de fillos e fillas supón unha carga financeira enorme dentro dunha sociedade de consumo, na que existe unha abundante oferta de produtos atractivos para satisfacer innumerables desexos. Por outra parte, o escenario de crise económica, o desemprego, os recortes salariais e o retroceso do sistema de benestar fan máis complicada a compatibilidade entre a vida laboral e a vida familiar. Pero ademais, o propio sistema económico tampouco alenta o fomento de natalidade, xa que o capitalismo tende a distribuír as cargas financeiras da paternidade de forma desigual e, de forma paralela, a dinámica competitiva do sistema capitalista premia —en certa medida— a aquelas familias que teñen poucos fillos ou ningún (Overbeek, 1984).

Figura 2. Proceso de xeración do «problema demográfico» en Galicia




Fonte: Elaboración propia a partir de García Negro (2014) e das narracións dos expertos entrevistados.

En síntese, comunmente chámasele problema demográfico ao retroceso que sufriu e continua a sufrir o tamaño da poboación de Galicia. Como se viu, a redución do número de efectivos demográficos veu dada pola repercusión que tivo sobre o índice sintético de fecundidade a confluencia dunha serie de factores de índole global, estatal e autonómica vinculados ao proceso de urbanización galego, á crise económica e social, ao paro estrutural, á actual mentalidade europea, á sociedade de consumo e á dinámica competitiva do sistema capitalista.

Se ben no ano 1975 o índice sintético de fecundidade era de 2,4 fillos por muller, a partires do 1977 iniciouse unha rápida e progresiva caída que fixou os seus valores por debaixo do nivel de substitución, o cal non se volveu a recuperar dende o 1980. Dende mediados dos anos noventa e ata os primeiros anos do presente século, os valores do índice sintético de fecundidade mantivéronse en 0,9 fillos por muller. Nos últimos anos incrementouse unhas décimas, mais as perspectivas de futuro non son nada alentadoras (figura 3).


Figura 3. Evolución do índice sintético de fecundidade en Galicia



Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do IGE.*

A primeira das consecuencias lóxicas da caída dos valores do índice sintético de fecundidade é o descenso da natalidade. Se a isto se engade que entre os anos 2000 e 2013 emigraron unha media de 83.700 galegos e galegas cada ano⁸ e a emigración continúa, obviamente a magnitude das consecuencias é moito maior.

Figura 4. Evolución da pirámide de poboación galega



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

De forma parella ao descenso da natalidade, está o cambio na estrutura por idades da poboación. A observación das pirámides de poboación de Galicia correspondentes aos anos 1900, 1975, 2004 e 2014 —a primeira de tipo expansivo, a segunda de crecemento lento e as dúas últimas recesivas— dan conta do tamaño da transformación ocorrida en pouco máis dun século (figura 4). Na pirámide de poboación do ano 2014 o 23,5 % da poboación galega tiña 65 e máis anos, fronte ao 21,3 % que representaba no 2004 e ao 12,4 % no ano 1975. Estas cifras coinciden cun retroceso do peso relativo da poboación máis nova, dando lugar ao fenómeno do avellentamento demográfico. As súas

⁸ Media aritmética calculada a partir dos datos de emigracións do IGE para os anos 2000-2013, elaborados a partir da estatística de variacións residenciais do INE.

causas son o descenso da fecundidade, a redución da mortalidade nas idades máis altas e a emigración (Precedo Ledo e Villarino Pérez, 1994). Cabe sinalar que este último factor é o principal acelerador do avellentamento en Galicia – que está avellentando moito máis rápido con respecto ao resto de España-, polo que a marxe que deixa o factor da fecundidade para «frear» o avellentamento neste contexto é pequena⁹.

Aínda que o avellentamento demográfico leva implícito aspectos tan positivos como é o aumento da esperanza de vida, tamén implica unha serie de consecuencias sociais e económicas derivadas principalmente do desequilibrio entre cotizantes e pensionistas xubilados (Caínzos López et al., 2008; González Pérez e Somoza Mediana, 1997; Miguel Palacios, Montero Muñoz e Simón Fernández, 2011).

Dadas as características da actual distribución espacial da poboación, as implicacións que ten o baixo valor do índice sintético de fecundidade en Galicia afectan de forma desigual ao territorio. Pois nos espazos situados máis lonxe do Eixo Atlántico e das cidades e, polo tanto, menos urbanizados, o grao de avellentamento e despoboación é maior.

6. Principais implicacións do problema demográfico en Galicia

Tendo en conta que os problemas sociais responden a construcións sociais e políticas froito dos intereses e valores dos diferentes actores que interveñen na sociedade (Reboloso, Fernández-Ramírez e Cantón, 2008; Subirats et al., 2012), da análise realizada nos anteriores epígrafes dedúcese que os fenómenos descritos presentan unha serie de eivas para o conxunto da poboación galega, en diversos eidos:

- Sostibilidade do Estado de Benestar. O Estado de Benestar inclúe aquelas intervencións do Estado encamiñadas á mellora da calidade de vida e do benestar social da poboación. Entre todas as intervencións, destacan especialmente os servizos públicos (sanidade, educación, vivenda social...) e as transferencias sociais (pensións de velez, de viúvos, de discapacidade...). Estas últimas, consisten na transferencia de fondos públicos das persoas que cotizan á Seguridade Social aos beneficiarios pensionistas (Navarro, 2004) e constitúen unha das principais preocupacións para algúns estudosos. Como se ve, o problema principal non radica exclusivamente no número de persoas en idade activa, senón no número de persoas en idade activa que cotizan á Seguridade

⁹ Puga González, M. D. (Marzo, 2015). Territorio e demografía. En G. Vázquez (Presidencia), Ciclo Fagamos Contas. 35 anos de autonomía, como nos foi?. Conferencia lavada a cabo pola Fundación Galiza Sempre na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, Galicia, España.

Social, fronte ao número de persoas de 65 anos ou máis. A importancia desta aclaración é vital, xa que se tende a crer que unha pirámide expansiva —con gran número de persoas mozas— asegura o futuro do pago das pensións das persoas máis vellas. Debido á carestía de traballo e á emigración, a relación entre o avellentamento demográfico e o mantemento do Estado de Benestar estreitase cada vez máis, presentando numerosos atrancos sociais e económicos para o porvir de Galicia.

- Capacidade innovadora. Tal e como se sinalou anteriormente, os seres humanos son os portadores do capital humano, unha importante forma de riqueza estreitamente vinculada ao progreso (Moreno Pacheco e Rodríguez Guitiérrez, 2001). Neste sentido, nunha sociedade avellentada coma a galega, a marxe para a innovación presúmese que é escasa. Pois a perda de capital humano debida á emigración, supón unha importante traba ao progreso de Galicia, ao implicar unha perda de competitividade en relación aos países máis desenvolvidos e cun maior progreso técnico.

- Representatividade de Galicia no Congreso dos Deputados. Coma o resto das circunscricións provinciais, cada provincia galega parte dun mínimo de dous representantes no Congreso. A obtención de máis de dous escaños dependerá do número de habitantes rexistrados no censo (Gregorio Taboada, 2013). Desta maneira, un descenso no número de habitantes de Galicia pode significar a perda de peso político na toma de decisións no conxunto do Estado. Ademais, se a poboación diminúe, de forma paralela diminuirá a identidade cultural na que se baseou o Estatuto de Autonomía de Galicia, polo que —como sinalou una das persoas entrevistadas— «podería correrse o risco de que Galicia pasase a formar parte dunha entidade territorial maior, no contexto do Estado».

- Viabilidade de Galicia como pobo. Unha sociedade que perde un importante volume de efectivos demográficos pola vía da emigración e non consegue aportar novos efectivos nin pola vía da natalidade nin pola da inmigración, a consecuencia lóxica no longo prazo é a perda de patrimonio cultural —tanto material como inmaterial— e, en último termo, a «extinción» social.

7. Conclusións

De acordo con toda a información obtida polos diferentes métodos e técnicas empregados nesta investigación, neste artigo deféndese a existencia dun problema demográfico en Galicia, mais non tanto polo decrecemento da poboación global, senón polo tamaño dos diferentes grupos de idade que a conforman. Pero o feito de nomear a realidade demográfica galega co concepto «problema demográfico», en ocasións fai pensar que a solución está na

demografía, cando realmente habería que buscala na economía. Pois, para comprender a existencia do problema demográfico, cómpre enmarcalo no contexto do Estado de Benestar, xa que co sistema vixente de financiamento dos servizos e transferencias sociais, a actual calidade de vida do conxunto da poboación galega está en risco.

Neste contexto, o paro estrutural de Galicia é un elemento clave no problema demográfico e constitúe un dos factores principais que causa a emigración actual con respecto á emigración característica do século pasado. Pois hai que ter tamén moi en conta que a redución do tamaño da poboación en determinados grupos de idade non deriva dun acto completamente voluntario das persoas en idade fértil. A emigración de mozos e mozas por motivos económicos continua sendo un feito e, en moitos casos, os desexos de maternidade e/ou paternidade das persoas residentes en Galicia vense reprimidos por causas relacionadas principalmente co mercado de traballo. Por estes motivos, as persoas máis afectadas polo problema demográfico son aquelas con menos recursos económicos.

Así pois, considérase o problema demográfico coma un problema social recoñecido, aínda que a nivel político non se vexa como unha prioridade. Non obstante, o problema demográfico e o problema da despoboación asociado ao mesmo son tan graves, que canto máis se tarde en actuar con racionalidade e contundencia a nivel político, máis se agravará o conxunto dos problemas territoriais. Se a cuestión demográfica non consegue progresar na axenda pública e se non se atallan os verdadeiros problemas que o xeran, calquera dos posibles escenarios futuros formulados polo IGE (2004) pode ter cabida en Galicia. Pero ademais, se calquera deses escenarios non vén acompañado de cambios no sistema de benestar, o problema demográfico estará tan agravado que resulta difícil imaxinarse cales poderán ser as súas repercusións sobre a calidade de vida de todos os galegos e galegas.

Polo tanto, mentres non se deseñen políticas que teñan en conta as debilidades de Galicia e se orienten a poñer en valor as potencialidades do territorio, será imposible crear as oportunidades necesarias para a creación de emprego estable e de calidade. Esta sería, sen dúbida, a mellor política para camiñar cara a dinamización demográfica e, en definitiva, cara a solución do problema.

Referencias bibliográficas

- Aldrey Vázquez, J. A. (2006). *A poboación galega, 1900-2005*. Vigo: Ir Indo.
- Aldrey Vázquez, J. A. e del Río Franqueira, D. (2014). Crónica de un envejecimiento anunciado: Galicia 2015-2030. En: López, A. et al. (Eds). *Cambio*

demográfico y socio territorial en un contexto de crisis. XIV . Congreso Nacional de la Población. Sevilla: Universidad Pablo de Olavide.

Banco Mundial (2007). *Cuestiones de Población en el siglo XXI. La tarea del BancoMundial* [en liña]. Washington, DC.. [Data de consulta: 05/01/2016]. Disponible en: www.bancomundial.org

Barreiro Rivas, X. L., Pascual Monzó, R. M. e Araujo Cardalda, L. X. (eds.) (2013). *O reto demográfico de Galicia.* Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública.

Blanco Desar, M. (ed.) (2014). *Galicia: un pobo con futuro? O noso devalo demográfico.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Caínzos López, M.A. et al. (2008). *Fecundidade, traxectorias reprodutivas e políticas públicas: deseño de investigación.* Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública.

Cea D'Ancona, M. (2001). *Metodología cuantitativa: estrategias y técnicas de investigación social.* Madrid: Síntesis.

Fernández Fernández, M. e Meixide Vecino, A. (2013). Declive demográfico en Galicia y territorio: el diseño de políticas públicas en un espacio complejo y heterogéneo. En Barreiro Rivas, X.L., Pascual Monzó, R. M. e Araujo Cardalda, L. X. (Eds.). *O reto demográfico de Galicia.* Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública.

García Negro, M. C. (2014). Problemas demográficos, problemas do pobo. *Tempos Novos*, (207), 20-23.

García Porral, X. (2012). *De Balbino a hoxe. Cambios e transformacións na aldea galega.* Santiago de Compostela: Edicións Lóstrego.

González Pérez, J. M. e Somoza Mediana, J. (1997). *O avellentamento demográfico en Galicia e as súas consecuencias.* Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

González Reboredo, X. (2014). Contra o suicidio demográfico polas súas consecuencias socio-culturais. En Blanco Desar, M. (Ed.). *Galicia: un pobo con futuro? O noso devalo demográfico.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Gregorio Taboada, P. (2013). *Os sistemas electorais en España.* Vigo: Ediciones Cardeñoso.

Hernández Borge, J. (1992). Sobre o estado da poboación galega. En: *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega.* Santiago de Compostela: Dirección Xeralde Cultura.

- Hernández Borge, J. (2011). Despoblación y envejecimiento: Galicia hacia el año 2020. *Revista Galega de Economía*, (20), 1-20.
- Instituto Galego de Estatística (2004). *Proxección da poboación de Galicia. 2002-2051*. Santiago de Compostela: Consellería de Economía e Facenda.
- Lois González, R. e Rodríguez González, R. (1993). O retroceso da poboación campesiña e a crise da vida parroquial en Galicia. A importancia da análise microespacial. *Pontenova. Revista de investigación xove*, (0), 81-91.
- Miguel Palacios, C., Montero Muñoz, M. E Simón Fernández, X. (2011). Efectos socioeconómicos do actual proceso demográfico en Galicia. *Revista Galega de Economía*, (20), 31-52.
- Moreno Pacheco, P. e Rodríguez Guitiérrez, M. J. (2001). Factor humano I: Aspectos demográficos. En Rallo Romero, A., Guzmán Cuevas, J. e Santos Cumplido, F. J. (Coords.). *Curso de estructura económica española*. Madrid: Ediciones Pirámide.
- Navarro, V. (Coord.) (2004). *El estado de bienestar en España*. Madrid: Tecnos.
- Overbeek, J. (1984). *Historia de las teorías demográficas*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Precedo Ledo, A. e Villarino Pérez, M. (1994). *A poboación de Galicia. A crise demográfica e o seu impacto territorial*. Santiago de Compostela: Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia.
- Reboloso, E., Fernández-Ramírez, B. e Cantón, P. (2008). *Evaluación de programas de intervención social*. Madrid: Síntesis.
- Subirats, J. et al. (2012). *Análisis y gestión de las políticas públicas*. Barcelona: Ariel.
- Vallin, J. (1995). *La demografía*. Madrid: Alianza
- Vinuesa Angulo, J. et al. (2012). *Demografía: análisis y proyecciones*. Madrid: Síntesis.